

A RAÍÑA DAS TORTAS: cociñar en familia e ir aprendendo dos erros

Ilustracións divertidas, vivas, cheas de cor e expresividade para un conto saboroso de principio a fin. Non vos imaxinades as sorpresas que trae cociñar en familia e como se pode aprender dos erros. Os autores de **A RAÍÑA DAS TORTAS** son dous artistas vigueses, **Álex Mene** (texto) e **Blanca Crespán** (ilustracións), que debutan con este libro. Novo título VERDEMAR de Alvarellos Editora.

TEXTO CONTRACAPA



Un conto saboroso de principio a fin.

ARGUMENTO

Martiño vive coa súa nai. Unha das cousas que máis lles gusta facer xuntos é cociñar doces de todas as cores e sabores. Pero hoxe a cociña está avariada así que Martiño vai practicar o que quere ser de maior: electricista. Sairá algo de aquí? Mentres, os esquíos agardan trala ventá da cociña para probar o primeiro anaco de torta...

CLAVES PARA A LECTURA

Unha obra que convida a **cociñar en familia** e descubrir como se pode **aprender a través dos erros**. Coa liberdade de probar e ensaiar: “Deixar que os cativos se equivoquen para aprender. Queremos desmitificar o erro como gran desastre e poñelo como xeito de avanzar”, afirman os autores. O **humor** é un engadido especial neste conto. Tamén, o feito de que Xulia, a nai, vivise en Canadá, polo que coñece os nomes dos alimentos **en inglés e francés**. Por último, a historia enmárcase nunha **familia monoparental**. Non hai papá.



⇒ Idade de interese: +3 ⇒ Nivel de lectura: +5

ÁLEX MENE e **BLANCA CRESPÁN** debutan con este conto na literatura infantil. **Álex** é doutor en Belas Artes pola Universidade de Vigo e licenciado en Ciencias da Información pola Universidade Complutense. Fai fotografías, vídeos, escoita música e desfruta de pasear polo monte e pola praia.

Blanca é doutora e licenciada en Belas Artes pola Universidade de Vigo. Encántalle a arte en tódalas súas formas e traballar coas mans: debuxar, pintar, facer “chismines”... e sobre todo imaxinar. Descubriu o marabilloso mundo da ilustración grazas aos seus fillos e... namorouse.



FICHA TÉCNICA 32 pp. 28x21,5 cms

ISBN: 978-84-16460-37-3

PVP: 14 € - Capa dura



9 788416 460373

EDITORIA
alvarellos

verdemar@alvarellos.info

981522137 - 609908852